

FINA FERNÁNDEZ

OS ROSALES

O SON DA FESTA



Vicente Anzola

EDITORIAL CANELA
TRADICIÓN ORAL • MÚSICA

OS ROSALES

O SON DA FESTA

Fina Fernández

Fotografías de Vicente Ansola

Estudos técnicos feitos por
Christian Castrelo e Gustavo Couto

EDITORIAL CANELA
TRADICIÓN ORAL • MÚSICA

ÍNDICE

LIMIAR	11
<i>Xosé V. Ferreiros</i>	
PREFACIO	13
1. EN ASADOS NACEU UN GAITEIRO	19
2. O NENO CONSTRUTOR DE MÚSICAS	27
3. A GAITA, UNHA COMPAÑEIRA PARA SEMPRE	45
4. XOSÉ E ECLÍPTICA ÓRBITA	59
5. MARUXA, A ROSA DA ROSEIRA	89
6. PEPE ROMERO MIGUÉNS NOS ROSALES	111
7. MARIO ROMERO MIGUÉNS NOS ROSALES	121
8. <i>LEMBRANDO</i> , O PRIMEIRO DISCO	137
9. SANDRA ROMERO MIGUÉNS E OS ROSALES	155
10. <i>DE FOLIADA EN SAN PEDRO DE VILAS</i>	171
11. A MÚSICA, UNHA VIDA	185
BREVE ANÁLISE COMPOSITIVA E INTERPRETATIVA DE XOSÉ ROMERO	201
<i>Christian Castrelo</i>	
Introdución	201
O compositor	201
<i>Lembrando</i> (Ruada, 1981)	202
<i>De foliada en San Pedro de Vilas</i> (Sonifolk, 1989)	204
<i>Fol de feitizo redentor</i> (Tradistudios, 2011)	205

O intérprete	207
As gaitas de Xosé	210
Conclusións	211
A MULLER GAITEIRA	229
<i>Gustavo Couto Rodríguez</i>	
Maruxa letrista	232
Maruxa bombeira	232
Sistema de notación	234
Partituras	235
Maruxa cantareira	241
A FAMILIA, A MÚSICA, A VIDA	245
ASÍ NON PODO TOCAR!	317
<i>Vicente Ansola</i>	

EN ASADOS NACEU UN GAITEIRO

Comezaba 1930 en Rianxo, a vila do Barbanza de mar e montaña da que Otero Pedrayo diría que era síntese de Galicia. Alí, a carón dunha senlleira fervenza cultural que estaba a rebulir, xurdían espíritos inconformistas. Unhas novas correntes en fronte dun sistema encalecido na sociedade que levaba demasiado tempo dobregando na miseria aos máis. Mentres, unha clase empoleirada ao longo dos anos relambiábase na súas riquezas e posición de poder.

Na década que se encetaba, corrían pola contorna eses refrescantes aires novos reclamando máis equidade no reparto de oportunidades. Para logralo era preciso reivindicar a educación. Desa maneira, recuperando o sentir do Rexurdimento, tentaban acadar a revitalización do orgullo polo propio para promover unha transformación xeral coa minoración dos socalcos, xa mesmo fosilizados, nunha estrutura social secular.

A contorna rianxeira, fundamentalmente produtora de cereais, estaba acotío sometida ao capricho da climatoloxía, que non sempre era favorable. Xa que logo, en situacións adversas, o pouco colectado recalaba mormente nas graneiras das casas fortes de tradición, propietarias da terra.

A outra fonte de abastecemento para a poboación era o mar, pero, na súa meirande parte, a pesca máis significativa ía cara ao interior ou ás casas con recursos, deixando desabastecidos aos carentes de medios. Naquela altura, pois, o que non lles faltaba aos mariñeiros e os labregos do común era o traballo. No entanto o enxeño pululaba polas eiras nos seráns, ou nos días de festa, e as cantigas soaban co ritmo acelerado dos labores cotiáns.

Mais algo estaba a burbullar e chamaba a reivindicar un cambio profundo na vella estrutura social. Ao tempo, as devanditas correntes (non só procedentes das clases humildes) deron en achegarse ao máis profundo sentir popular que, de cando en vez, se imbuía da súa precariedade, onde sobresaía un entrego fondo cultural que emerxía da terra e do mar e que se criara na oralidade herdada.

Dentro deste sentir de demanda, a parroquia de Asados (emprazada no centro do concello de Rianxo) comezara o ano 1930 co pasamento de Manuel Antonio, un suceso salientable que causara conmoción tanto na aldea como a outros niveis. Por un lado sorprendíao a morte dun home novo a mans dunha doenza temida (como era nese tempo a tuberculose) e, por outro,

ocorría o deceso dun persoeiro respectado do mundo da cultura. Eses dous aspectos xuntos causaron aglao entre os seus paisanos.

Para a familia de Mercedes e Ricardo, afincada na parroquia dende había catro xeracións, Manuel Antonio era antes que nada o fillo de dona Pura, a mestra que viñera de Padrón, soa, e mercara vivenda en Asadelos, un barrio de Asados onde creara unha escola na que ensinar a moitos nenos. Un abeiro, que tamén o poeta do mar tiña procurado para acubillarse ao poderlle a enfermidade e mesmo ata que lle sobreveu a morte.

Mercedes, nese mes de xaneiro no que se producía o falecemento do insigne persoeiro, agardaba ao seu cuarto fillo. Puidera que, por ese feito, a súa sensibilidade levábaa máis do normal a doerse do acontecido. O que finara era un home novo, preparado e cheo de futuro. Diso se comentaba ao falar do suceso: «A morte non se para ante ninguén, nin sequera ante un estudado piloto da mariña mercante», dicíase entre as veciñas de mandil á abada e pano á cabeza.

A Mercedes contristáballe a dor daquela nai que viña de perder ao seu fillo, unha realidade coa que empatizaba profundamente. Recordábaa había anos, cando era a súa mestra de talante agarimoso, a que lle ensinara as primeiras letras, as catro regras necesarias e, sobre todo, a saber entender o poder dos libros e das súas ensinanzas para enfrontarse á vida.

Coma o vento, pasaran cinco meses, un tras outro, dende que sucedera aquela desgraza na aldea. Chegara o mes de xullo, e con el o momento no que Mercedes traía ao mundo ao seu cuarto fillo. A casa que pertencera ao que chamaban «O Ferrador» quedara limpa e ordenada para aquel acontecemento que ía ter lugar o once dese mesmo mes. Trala curta

espera, pronto se escoitara o chorar dunha criatura no cuarto. E axiña, unha voz de muller das que se ocupaban do nacemento berrou dende dentro que fora un neno. Pero non por iso houbera decepción na casa, máis ben ao contrario.

Outro varón significaba ter novas mans para axudar no taller de carpintería (tanto de construción como ebanistería) que estaba sacando adiante o pai cos seus grandes dotes para o oficio.

O neno viña ao mundo en Vilanustre (Montegrande), na parroquia de Asados do concello de Rianxo, dentro dun fogar que compartían os avós maternos, seus pais e tres irmáns. Era o cuarto fillo de Mercedes Suárez e Ricardo Romero, un meniño ao que lle porían de nome José.

A estabilidade, ou a prosperidade desa familia de Asados, estaba supeditada ao negocio de carpintería do pai e á loita diaria dos avós nas leiras e co gando. Mais, en tempos, aquela fora unha casa das chamadas fortes. Construíraa o bisavó de José (avó materno de Mercedes), a quen lle puxeran de alcuño «O Ferrador» por ocuparse en ferrar cabalos á parte da profesión de veterinario á que se dedicaba. De orixe castelá, chegara a Rianxo a finais do século XIX e fixara a súa residencia en Asados, onde casara.

Fora aquel un personaxe relevante na vila, amais de popular pola súa habelencia para tratar os animais. Incluso, de presentarse calquera complicación no parto dalgunha muller, oficiaba neses labores coma se fose médico.

Aquel seu oficio proporcionáralle moita sona pola contorna amais dunha boa reputación. Iso axudáralle a conseguir pingües beneficios, outorgoulle prebendas e a oportunidade de poder influír nas decisións parroquiais, nas que adoitaban intervir os veciños

máis representativos. Posuía, pois, unha sorte de poder hexemónico que o empolicara e axudara, en boa medida, á hora de conseguir facerse coa propiedade de grandes extensións de terreo. A meirande parte desas leiras eran cultivadas en 1930 polos avós maternos do neno acabado de nacer.

José abrira os ollos ao mundo no colo da súa nai, nun cuarto con cama de madeira de castaño (tallada cuns motivos florais polas mans ebanistas do seu pai Ricardo), un crucifixo sinxelo na cabeceira, unha arca aos pés, a mesiña que soportaba o habitual xerro con auga, unha almofia co esmalte esluído polo uso e apenas un tallo onde sentar.

A casa posuía as testemuñas de tempos máis prósperos para a familia. Así o mostraba unha boa lareira con dous piares de pedra torneados que semellaban custodiar o lume. Sobre el fervía acotío o enorme pote suxeito a unha grosa gramalleira de doce elos. Ao seu carón adoitaban abeirarse os da casa durante as inverneiras. Era entón cando os contos e as novas aboiaban máis entre o fume daquela cociña co firme de lousas de pedra. Fora alí onde Mercedes botara moitas das horas da súa primeira infancia. Logo, ao encherse a casa de irmáns, mudárase á do seu avó, «O Ferrador», noutra vivenda que tiña en Asadelos. Mais, coma nun proceso cíclico, ao casar volvera a Montegrande, de novo onda os pais.

Ricardo, o pai de José, nacera e vivira ata o seu casamento con Mercedes en Isorna, outra das parroquias no leste de Rianxo. Pero, aínda que xa levaba varios anos en Montegrande e estaba afeito a compartir fogar cos sogros, secasí, a súa intención era a de arranxar a casa de Asadelos (herdada directamente por Mercedes) co fin de iniciar unha vida independente. Mais a situación económica non era

folgada, e coa chegaba dun novo fillo truncábenselle os plans. Mesmo así, confiaba en que se deran algún día as coordenadas favorables para mudarse coa muller e os fillos á vivenda propia, preto da que tamén se atopaba o taller de carpintería que tiña posto en pé.

Das posibilidades que ofrecía a vila mariñeira e labrega, el optara por gañar o sustento en terra firme, escollendo a carpintería de preto e mesmo de branco. Así era como se denominaban, tradicionalmente na zona, aos que se dedicaban á construción de armazóns de tellados ou outras estruturas e, outrosí, no segundo caso, aos que se ocupan das pezas de madeira con bo acabado, como os mobles.

Os tempos nos que nacía José eran de confrontación entre grupos sociais de distinta orientación, que se acentuou ao xurdiren os novos partidos políticos a prol da defensa das clases máis humildes. As exaltadas manifestacións veciñais, por veces violentas, sucedíanse unha tras outra. Un clima de protesta e crítica inmortalizado a miúdo en coplas que logo se coreaban en grupo para ficar ao cabo como pegadas no decorrer da historia.

Para a familia de José, porén a inseguridade no futuro (a causa dos sucesivos altercados sociais, as xeiras ou a incerteza ao asomaren as vacas fracas), o tempo ía transcorrendo sen grandes viraxes. Os invernos daban paso aos veráns, dunhas ceifas de recollida de cereal pasábase a outras e, do mesmo xeito, coma unha roda que xira, íanse sucedendo as festas tornando a repetirse o ciclo.

No lugar de Montegrande, os catro rapaces daquel fogar ían medrando sans, cousa que era para dar grazas a Deus, como sempre repetía a avoa.

A falta de recursos era resolta coa calidade do enxeño ou da propia experiencia. Con todo, aquel novo

ar que trouxera a República no ano 1931, motivaba a educación nas escolas, no teatro ou mediante a música, e pulaba por un renovado espírito na poboación que ía facendo a súa incursión no propio seo das familias. Así, Bautista, o segundo dos irmáns de José, catro anos maior ca el, comezaba a mostrar interese pola banda de música A Lira de Asados, concretamente polos instrumentos de vento. Pero tamén o máis pequeno dos irmáns Romero, que viña de cumprir os catro anos, dera mostras da querenza pola música. De tal xeito que, se escoitaba cantar ou algunha melodía ou ritmo, paraba de súpeto o choro, e o mal que nese momento o estivera atribulando cesaba.

Nesa época, os Romero Suárez de Asados non faltaban ás festas que se celebraban na parroquia, todas elas ben concorridas polos veciños: O Rosario, San Blas, Santa Lucía ou as do carnaval, onde se recitaban coplas e tamén tocaban os gaiteiros. E, a non ser que algunha doenza ou loito (máis ou menos longo segundo o grao de parentesco) o impedise, acudían xuntos. Pero non só eran as romarías ou celebracións, que tiñan lugar ao pé da casa, senón tamén as das parroquias lindeiras: Taragoña, O Araño, Isorna ou a calquera lugar ao que daban chegado a pé. A preguiza non supuña un freo, a pesar de levar canda eles a súa prole de catro fillos, cos pequenos cargados no colo ou ranqueando atrás (máis á volta que á ida) por aqueles camiños rianxeiros de croios e fochas, por veces enlameados e intransitables. Mesmo así andábanos de noite e de día, sen moito calzado do que dispor, a non ser zocas e alpargatas de esparto ou xunco.

De certo, eran as festas un dos poucos divertimentos que estaban máis ao seu alcance e onde facer vida social. Nesas xuntanzas, o pequeno José ía afacendo o oído ás músicas de banda, que tocaban *oberturas*,

zarzuelas ou alboradas, e pasodobres ou valeses para o baile. O cativo semellaba percibir aquelas melodías coma se saísen con autonomía da intervención humana, tan só expelidas duns instrumentos de metal e dunha percusión que batía forte, suave, grave e agudo; forte, grave e agudo, e máis suave, ou forte, nos *in crescendo*; e agudo, moi agudo ao estalar o son dos escintilantes pratos no remate da peza.

Nas dianas e alboradas das patronais da parroquia escoitábase a gaita no cabo da corredeira. Íase achegando aquel son repenicado, perfilado no punteiro, paseniño, ata a casa familiar. Ao ouvilo, o neno saía coma unha exhalación, atraído por esa sorte de ledicia. Logo ilusionábase ao pasar á par del o gaiteiro (con ou sen percusión) seguido da comitiva, por se entraba na casa a tomar un bocado ou beber unha fecha. Alí escudriñaba con curiosidade eses instrumentos portadores da música. Despois, na tarde da festa, ao aparecer aquel feiticeiro da música insuflando o ar polo soprete cara ao fol e movendo os dedos sobre os furados do punteiro, sentíase reverberar o son da gaita no adro. Batía contra os muros da vella igrexa e volvía limpo e forte semellando escachar o balbordo da algarabía da xente ao caer a tarde. A atención inalterable do neno tan só quedaba rota cando algúns bailadores o empurraban ao danzar, ou cos redobres da caixa, un artefacto feito de pel e metal que marcaba o ritmo. Ante ese espectáculo ficaba absorto, e o seu sorriso, debuxado na aínda tenra faciana, parecía traspasar calquera dimensión.

Con poucos anos, José xa aprendera a desenvolverse nun territorio gobernado por dous irmáns: Ricardo, o maior, e Bautista, o seguinte. Nese período efémero (revolucionario na sociedade daquela) asistían a unha

das escolas unitarias de instrución pública, suscitadas e promovidas pola República nos concellos coa fin de acabar co elevado índice de analfabetismo entre a poboación. Mentres, o rapaz e mais seu irmán Alfonso, que tiña apenas ano e medio máis ca José (aínda pequenos para asistir á escola), rebulían alternando entre a casa, as leiras e o taller.

Nesa carpintería, que se enchía de man de obra ao regresar os maiores da escola, adoitaba imitalos en todo. Mais tampouco podía confiar neles abondo, pois a súa inocencia de cativo, unida ás ganas de divertirse dos irmáns, supuña un combinado perfecto para as chanzas que remataban por amolalo de veras.

A cousa cambiaba con Alfonso, tan só ano e medio maior ca el e, non obstante, iguais nas argalladas e nos xogos. Mesmo, as máis das veces era o maior o que seguía ao pequeno. Resultaba aquela unha estrutura graduada entre irmáns, previamente establecida en orde natural, de maior a menor, que funcionaba cos seus altos e baixos coma en moitas familias.

No entanto, nun xantar do outono de 1934, os pais e os avós (estes últimos co porte máis serio ca os primeiros) déranlles a nova de que ía nacer outro novo membro. Un irmán ou irmá máis que engadir á familia. Iso afectaría á tensión daquela rede social de poder establecida entre os irmáns, que facía fronte á chegada de novas responsabilidades e traballos. Sabían ben os maiores.

Aos poucos meses arribaba unha meniña ao grupo de irmáns. Nacera na casa de oito membros de Montegrande, no medio das algaradas populares na vila e na parroquia de Asados, onde Alexandre Bóveda e o deputado Castelao viñan de pronunciar discursos cheos de argumentos reivindicativos. Os obxectivos a promover estaban destinados a mellorar o sistema de

vida, e deles participara activamente tamén Ricardo, o pai de José.

A mesma habitación, que vira nacer aos outros catro irmáns, cobrara un aspecto renovado. As paredes adquiriran a cor da esperanza, o tallo trocárase por unha cadeira e incluso tiñan engadido un armario, tallado no taller por Ricardo, para dar avío e orde ante o aumento da prole.

A mellora da economía familiar, composta nese momento por nove membros, que vivían no acubillo do fogar dos avós maternos, viñera da man do incremento nos encargos da carpintería de Ricardo, un home cabal que acotío lle aconsellaba aos fillos, a xeito de máxima: «Antes de dicir algo, pensar catro e falar dúas!».

Aquel carpinteiro cun enxeño especial para o oficio, simpatizante das ideas que preconizaba o Partido Galeguista, conseguira os encargos para a construción de novas escolas na contorna, ademais da edificación na vila dun lugar cuberto para vender o peixe e outros produtos. Con ese obxectivo deseñaran unha orixinal armazón para a cuberta que protexería un extenso espazo, cun formato fóra do habitual e cuxo propósito fundamental era o de abeirar da chuvia a vendedores e compradores. Unha edificación que espertara a admiración de moitos. Amais destas obras outorgadas, virían outras promovidas pola boa visión de futuro de Ricardo Romero Rial, ao presentar unha proposta proveitosa (tanto para a institución do concello de Rianxo coma para el) de cara á rehabilitación do vello cuartel da Garda Civil. Tal presuposto ofertado polo mestre de obras, máis axustado do que outros, fora aceptado. Iso supuña novos folgos para a seguridade da economía familiar, que ficaba apuntalada, cando menos, durante un longo período.



O 16 de xuño de 1965 foron a Santiago de Compostela co Grupo da Confraría de Pescadores de Rianxo, que peregrinou, xunto con outras de Galicia, para gañar o Xubileo. Posado cos danzantes e as imaxes na Alameda antes de comezar.

Foto Blanco

Na fotografía da dereita, durante a procesión, Maruxa marcaba o paso co bombo de parafusos e torcas. Ao seu carón Xosé (gaita), Manolo Vidal (gaita) e Eloy Franco (caixa).

Foto Blanco



Fotografía do grupo diante da ermida da Virxe de Guadalupe un día de festa ca. 1967.

Arquivo dos Rosales



En plena festa na romaría do Naseiro de 1969 en Viveiro. Xosé, Maruxa, Pepe e Tomás, acompañados por Francisco Martínez Paraños «O Fiscal» que, ademais de improvisado bombeiro, foi quen durante a celebración lles ensinou a cantiga «Catro vellos mariñeiros» que a partir de entón será espallada e popularizada polos Rosales.

Arquivo dos Rosales

GAITA 5

La

Punteiro de Antón Corral,
ronco de Antón Corral para
gaita en dó adaptado por
Xosé cun pallón máis longo,
ronqueta e buxas de Afonso
Castro. Madeira de buxo e fol
de coiro.



GAITA 6

Dó

Punteiro de Antón Corral.
A prima e segunda do ronco
son da primeira gaita que tivo
Xosé construída por Poceiro
nos anos 40 e a copa de Antón
Corral. Buxas, copa do ronco,
chión e ronqueta de Afonso
Castro. Soprete de José Nebra
e fol de Gore-Tex

As seis gaitas que aínda
conserva e afina todos os
días pola mañá, foinas
configurando con pezas
de distintos construtores
procurando o son que máis lle
gustaba.

Fotografías de José M. Salgado





Este libro saíu do prelo
canda ao vento mareiro de setembro,
pregoeiro da Guadalupe en Rianxo,
berce de homes sobranceiros.

A eles lles cantaron Os Rosales
en alboradas e verbenas no torreiro,
por camiños de fochas ou teatros
parrafadas, aturuxos, cantares a oito...

Volve soar aquel sabor ao lonxe
dos que levan un canto nos beizos
de terra, de mar,
de alma de gaiteiro.

